

## A “Casa da Escama”. Barrio do Señal-Cangas do Morrazo

Antonio Graña Graña

A principios de 1920, no barrio do Señal abriuse nos baixos dun edificio propiedade de Andrea Fresquet Herrera (“Andreíta”), de orixe valenciano, un local dedicado á recollida, limpeza e saneado da escama da sardiña. A escama, logo de pasar por ese proceso era compactada en prensa facendo bloques, para logo ser enviada a Barcelona, onde era manufacturada.

A “Casa da Escama”, formaba parte do patrimonio adquirido por “Andreíta”. Tamén era da súa propiedade, o inmenso campo de tendido e secado de aparellos (terreo que hoxe ocupa a chamada Avenida de Marín e rúas contiguas). Todo elo adquirido, tras facer fortuna en Cuba. Casara en Vigo no ano 1899 con Manuel Ojea Torres, nese momento xerente de “Destilería Moderna” de Vigo, incrementando a parella, o xa de por si abundante patrimonio.

No ano 1905, Ojea faise promotor de obras e fábricas de conserva, como é o caso do chamado peirao de Ojea, por él xestionado. A troques desa concesión, o señor Manuel Ojea, facilitou os terreos para a construción do cuartel da Garda Civil, no mesmo lugar. Chegado os anos 30, tras enviuvir “Andreíta” de Manuel Ojea, casa novamente co veciño de Tiran, Antonio Soage Jalda (moito menor que ela). Pouco tempo máis tarde, montan un salón de baile primeiro (*La Palma*), e logo no 1946 un cine (*Avenida*) de fino deseño, todo elo en terreos propios. “Andreíta” faleceu o 21 de outubro de 1959.



Andrea Fresquet Herrera  
(Andreíta)



Casa da Escama (2ª pola esquerda) e río do Señal. (Anos 60)

A *Casa da Escama*, estaba situado á dereita do río do Señal (Bouzós), próximo a súa desembocadura, nos tempos en que este percorría ó aire libre polo que hoxe é a Rúa Atranco. Ocupaba o lugar onde actualmente está situado un edificio de vivendas e baixos comerciais de catro

alturas, que ten asignado o nº 3. Nos finais dos anos 70, aínda eran visibles as piletas onde se lavaba a escama. Nos 80, no mesmo local, móntase a primeira churrasquería da vila, estaba rexentada por un irmán do cantante e hosteleiro de Moaña, Xil Ríos.

Nos anos 20, a escama tiña múltiples aplicacións: Para elaborar botóns (dado o seu parecido co nácar), en bordados e outros elementos decorativos, na confección de bolsos, vestidos e chapeus para donas; tamén para elaborar *confetti*, logo de desecada, hixienizada, e tinxida en múltiples cores. En Castro Urdiales había unha factoría con tal curiosa actividade. Na actualidade a escama de peixe é utilizada en países como Panamá, Brasil e México, principalmente en todo tipo de elementos decorativos para a muller. Son consideradas bioxoias, xa que utilizan materia orgánica.

A actividade na *Casa da Escama* tivo un pronto final. ¿Motivos?, as dificultades coas que se atoparon os mariñeiros na recollida da materia prima nas mesmas embarcacións, posto que tiñan que manipular dous aparellos á vez, o principal, xa moi pesado ó ser de algodón, máis outro do mesmo material pero de malla moi pecha, co fin de recoller a escama desprendida do peixe. Todo elo... sen causar dano á sardiña. ¡Todo un traballo!. Dado os atrancos atopados, non tardaron tanto armadores como mariñeiros en cualificar tal actividade como complexa, e pouco produtiva economicamente, dando lugar ó inmediato peche da factoría.



Parque “La Palma” de Andreita. Anos 40. Antonio Jalda, 2º dos sentados.



Baile de Andreita, “La Palma”, de Andrea Fresquet Herrera.  
Antonio Jalda, 1º pola esquerda.